



Guía Docente				
Datos Identificativos				2021/22
Asignatura (*)	Proxecto da Paisaxe 5	Código	630G03028	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Terceiro	Obrigatoria	12
Idioma	Galego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Proxectos Arquitectónicos, Urbanismo e Composición			
Coordinación	Vazquez Mosquera, Jose Manuel	Correo electrónico	jose.vmosquera@udc.es	
Profesorado	Di Felice Vázquez, Mario Francisco	Correo electrónico	m.difelice@udc.es	
	Vazquez Mosquera, Jose Manuel		jose.vmosquera@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Esta materia está baseada no "espazo público" considerado como escearios que representan a relación espazo-tempo. Achéganos ás condición do contexto, á dimensión do epazo en relación coas estratexias contemporáneas xeradoras de vida urbana atractiva, á vez que como contedores da totalidade (espazo-tempo) e da escala; claves na forma física da cidade e da identidade colectiva. Por ser froito da actividade dunha comunidade representa tamén as aspiracións colectivas.			



Plan de continxencia	<p>1. Modificacións nos contidos</p> <p>Non se realizaron cambios</p> <p>2. Metodoloxías</p> <p>Metodoloxías docentes que se manteñen</p> <ul style="list-style-type: none"> _Sesión maxistral _Portafolios do alumno _Proba mixta <p>*Metodoloxías docentes que se modifican</p> <ul style="list-style-type: none"> _Obradoiro: Os exercicios a desenvolver nesta metodoloxía incorpóranse na metodoloxía "Traballos tutelados" <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado</p> <ul style="list-style-type: none"> _Correo electrónico: Diariamente. De uso para facer consultas, resolver dúbidas, solicitar encontros virtuais, e facer o seguimento dos traballos tutelados. _Moodle: Diariamente e segundo a necesidade do alumnado. Dispoñen de ?foros temáticos asociados aos módulos? da materia, a través dos que se pon en práctica o desenvolvemento de contidos teóricos impartidos. _Teams: 1 sesión semanal en gran grupo para o avance dos contidos teóricos e dos traballos tutelados na franxa horaria que ten asignada a materia no calendario de aulas da facultade. <p>De 1 a 2 sesións semanais (ou mais segundo o demande o alumnado) en pequeno grupo (ate 6 persoas), para o seguimento e apoio na realización dos ?Traballos tutelados?. Esta dinámica permite facer un seguimento normalizado e axustado as necesidades da aprendizaxe do alumando para desenvolver o traballo da materia.</p> <p>4. Modificacións na avaliación</p> <p>Traballos tutelados (70%).</p> <p>En relación cos traballos tutelados valorarase:</p> <ul style="list-style-type: none"> - A adecuación metodolóxica das propostas de traballo. - A profundidade do contido. - O dominio das aplicacións utilizadas na elaboración das propostas socioeducativas. - O tratamento dunha linguaxe propia do contexto disciplinar. - A utilización de fontes documentais complementarias e actuais. - A presentación e a claridade da exposición. <p>*Observacións de avaliación:</p> <p>Mantéñense as mesmas que figuran na guía docente, agás que as referencias ao cómputo da asistencia, que só se realizará respecto das sesión que houbo presencial ate o momento no que se suspendeu a actividade presencial.</p> <p>E requisito para superar a materia tanto asistir e participar regularmente nas actividades da clase como entregar e expoñer os traballos tutelados na data e nos medios que se indiquen.</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía</p> <ul style="list-style-type: none"> _Non se modifican.
-----------------------------	---

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe	
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título



Capacidade de analizar, definir criterios de intervención, elementos a valorar e ámbitos a tratar.	A21	B1	C1
	A23	B2	C2
	A25	B3	C3
	A27	B4	C4
	A30	B5	C5
	A31	B6	C6
	A35	B7	C7
	A45	B11	C8
	A46	B12	
		B13	

Contidos	
Temas	Subtemas
Propostas de transformación de espazos públicos urbanos. Rexeneración de espazos degradados (brownfields, zoas industriais, portuarias, etc.). Paisaxe e contexto social Características do espazo público. Xestión dos espazos libres. Estrutura e conectividade do verde urbano. Mobilidade e paisaxe urbano. Rexeneración urbana. Novas formas de planificación urbana: os aspectos paisaxísticos no planeamento e no proxecto urbano. Os espazos intermedios como elementos de conexión.	Recoñecemento da realidade a transformar Contexto físico e construído do ámbito Mobilidade Espazo público Os espazos intersticiais. Os elementos territoriais estruturantes.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	B1 B2 B6 B7 B11 B12 B13	15	0	15
Saídas de campo	B5 C3 C4	7	5	12
Obradoiro	A21 A23 A25 A27 A30 A31 A35 A45 A46 B3 B4 C6 C8	35	85	120
Actividades iniciais	C1 C2 C5 C7	1	0	1
Atención personalizada		2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución de algunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe. A clase maxistral é tamén coñecida como ?conferencia?, ?método expositivo? ou ?lección maxistral?. Esta última modalidade sóese reservar a un tipo especial de lección impartida por un profesor en ocasións especiais, cun contido que supón unha elaboración orixinal e baseada no uso case exclusivo da palabra como vía de transmisión da información á audiencia.
Saídas de campo	Visitas ao lugar da intervención de proxecto, para os análises necesarios para actuar, coa observación directa e sistemática, a recollida de información, e o desenvolvemento de tarefas (bosquexos, deseños, etc.)



Obradoiro	Modalidade formativa orientada á aplicación de aprendizaxes na que se poden combinar diversas metodoloxías/probas (exposicións, simulacións, debates, solución de problemas, prácticas guiadas, maquetas, etc) a traveso da que o alumnado desenvolve tarefas eminentemente prácticas sobre un tema específico, co apoio e supervisión do profesorado.
Actividades iniciais	Actividades que se levan a cabo antes de iniciar calquera proceso de ensino-aprendizaxe a fin de coñecer as competencias, intereses e/ou motivacións que posúe o alumnado para o logro dos obxectivos que se queren alcanzar, vinculados a un programa formativo. Con ela preténdese obter información relevante que permita articular a docencia para favorecer aprendizaxes eficaces e significativos, que partan dos saberes previos do alumnado.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Actividades iniciais	<p>O obradoiro realízase con atención personalizada ao alumno correxindo o seu traballo semana a semana. Importancia da participación do alumnado na preparación dos traballos a realizar, mediante os comentarios participativos resultado das lecturas recomendadas, tuteladas polo profesorado da materia.</p> <p>Axuste do marco e delimitación do área de traballo, con participación do alumnado nesta tarefa inicial.</p> <p>Medidas de dedicación para o ?Alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia?. O alumnado nesta circunstancia:</p> <p>_Con respecto as clases de teoría terá a dispensa de asistencia a ditas clases. Deberá acudir polo menos a un 20% das tutorías establecidas no horario dos docentes de teoría da materia para resolver as cuestións pertinentes de seguimento.</p> <p>_Con respecto as clases de práctica, estes estudantes deberán asistir a un mínimo do 80% das aulas, incluíndose nesta porcentaxe os días da sesión de presentación conxunta dos traballos. Ase mesmo, os docentes de prácticas disporan un 20% das súas tutorías, a requerimento dos estudantes, para o reforzo necesario dos traballos a presentar.</p> <p>En ambos os dous casos axustaránse ditas medidas segundo os casos concretos, adecuándoas as circunstancias.</p>

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Saídas de campo	B5 C3 C4	Valoraranse as notas que mostren a capacidade de observación da realidade e o seu traslado a planos e textos.	10
Sesión maxistral	B1 B2 B6 B7 B11 B12 B13	Valorarase a asistencia e a participación na aula	10
Actividades iniciais	C1 C2 C5 C7	Valórase a capacidade de observación, lectura e atención.	10
Obradoiro	A21 A23 A25 A27 A30 A31 A35 A45 A46 B3 B4 C6 C8	Avaliarase o resultado de traballo de taller tanto o individual como o colectivo das distintas prácticas entregadas. É necesario ter este traballo aprobado para superar a materia.	70

Observacións avaliación



A avaliación será continua. Os sistemas de avaliación axustaranse ao establecido na Normativa vixente de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións de estudos de grao e máster universitario da Universidade da Coruña e da Universidade de Santiago de Compostela.

Para aprobar o alumno debe acadar unha nota igual ou superior a un 5 tanto nas prácticas individuais como na prácticas de grupo, de non ser así non se fará media.

Asemade o estudante debe ter unha asistencia mínima do 80% e todas as súas prácticas deberán ser entregadas nas datas especificadas.

Haberá exames (e/ou repetición de entregas, a xuízo do docente) de primeira e segunda oportunidade nas datas fixadas e a celebrar na EPS de Lugo, aos que só poderán presentarse os alumnos que teñan a asistencia mínima do 80% a sesións maxistras e obradoiro e todas as prácticas semanais e de curso entregadas nas datas requeridas.

*O ?Alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia? para aprobar esta materia cumprirá as mesmas condicións que o resto do alumnado matriculado nela.

*IMPLICACIÓNS DO PLAXIO na realización das probas ou actividades de avaliación: "A realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación implicará directamente a cualificación de suspenso '0' na materia na convocatoria correspondente, invalidando así calquera cualificación obtida en todas as actividades de avaliación de cara a convocatoria extraordinaria".

Fontes de información

Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none"> - Lefebvre, Henry (). El derecho a la ciudad. Barcelona 1969 - Gehl, Jan (). La humanización del espacio urbano. Editorial Reverté - Castells, Manuel (). La cuestión urbana. Siglo XXI Editores - Harvey, David (). Ciudades rebeldes. Del derecho a la ciudad a la revolución urbana. Ediciones Akal - Jacobs, Jane (). Muerte y vida de las grandes ciudades. Capitán Swing Libros - Gallego Jorreto, J.Manuel (). Works. T6 Ediciones,Barcelona 1997 - Borja, Jordi - Muxi, Zaida (). El espacio público: ciudad y ciudadanía. Grupo Editorial Random House Mondadori - Font Orellana, Antonio (). Territorios urbanos. Iniciativa Digital Politécnica - Lefebvre, Henry (). La producción del espacio. Capitán Swing Libros - Lynch, Kevin (). La imagen de la ciudad. Editorial Gustavo Gili - McHarg, Ian (). Proyectar con la naturaleza. Editorial Gustavo Gili - Ramos, Ángel Martín (). Lo urbano. Educiones UPC
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Proxecto da Paisaxe 3/630G03020

Proxecto da Paisaxe 2/630G03015

Proxecto da Paisaxe 1/630G03010

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Planificación e Sostibilidade da Paisaxe/630G03025

Construción Aplicada 2/630G03026

Materias que continúan o temario

Proxecto da Paisaxe 6/630G03032

Observacións



-O desenvolvemento de toda a práctica deberase realizar con debuxos realizados a man e de forma individual ou en grupo. -Valorarase a asistencia ao taller, as entregas das prácticas e a participación en clase do alumn@ -Ademais das entregas parciais o alumno deberá ter un pequeno caderno de notas de campo onde envarcará todas as súas reflexións, probas bosquexos, etc. (Pode ser tamaño A5 ou a elección)-Tamaño recomendado A1 ou A2 Escala 1:2.000 PLAN DE CONTINXENCIA COVID-19. De non poder realizarse presencialmente as clases, tanto interactivas como expositivas, estas realizaranse en formato online. Do mesmo xeito se realizará a avaliación. Utilizaranse para eses fins a plataforma Teams, moodle USC e o correo electrónico? Correo electrónico: Diariamente. De uso pra facer consultas, solicitar encontros virtuais para resolver dúbidas e facer o seguimento dos traballos tutelados.? Moodle: Diariamente. Segundo a necesidade do alumnado. Dispoñen de ?foros temáticos asociados aos módulos? da materia, para formular as consultas necesarias. Tamén hai ?foros de actividade específica? para desenvolver as ?Discusións dirixidas?, a través das que se sepon en práctica o desenvolvemento de contidos teóricos da materia.? Teams: 1 sesión semanal en gran grupo para o avance dos contidos teóricos e dos traballos tutelados na franxa horaria que ten asignada a materia no calendario de aulas da facultade. De 1 a 2 sesións semanais (ou mais segundo o demande o alumnado) en pequeno grupo (ate 6 persoas), para o seguimento e apoio na realización dos ?traballos tutelados?. Esta dinámica permite facer un seguimento normalizado e axustado as necesidades da aprendizaxe do alumnado para o desenvolvemento das tarefas

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente de acordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías